

CONSELLERÍA DE FACENDA

Decreto 344/2009, do 2 de xullo, polo que se desafecta do dominio público un inmovible situado na rúa Montero Ríos do concello de Pontevedra.

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun inmovible na rúa Montero Ríos de Pontevedra, de conformidade co Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.

O artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, se é o caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa respecto daqueles bens adquiridos por este título.

O punto segundo do antedito artigo establece que a desafectación dos bens de dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia deberá facerse mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, logo de instrución do expediente pola Consellería de Economía e Facenda (actualmente Consellería de Facenda), por instancia da consellería interesada, e sempre que se acredite a desaparición das causas xustificativas da afectación.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tiña adscrito o inmovible, que abandonou tras o traslado ao novo edificio administrativo de Campolongo.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Desaféctase do dominio público o ben descrito a continuación:

Edificio situado na avenida Montero Ríos de Pontevedra, que consta de soto, baixo, primeiro e segundo andar, cunha superficie edificada de 816 m² en cada andar e unha superficie descuberta de 659 m², que suman un total de 1.475 m², que linda: dereita, paseo Raíña Victoria; esquerda, xardíns de Vicenti; fondo, xardíns de Vicenti. Atópase inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Pontevedra no tomo 1.779, libro 932, folio 111, predio nº 14.143. R.C. 8977501NG2987N0001BD.

Artigo 2º

O inmovible anteriormente descrito adquire natureza patrimonial.

Disposición derradeira

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, dous de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Marta Fernández Currás

Conselleira de Facenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se actualiza a oferta educativa de ciclos formativos de artes plásticas e deseño, por ciclo completo e oferta modular, e de estudos superiores de deseño en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais das artes plásticas e o deseño, entre outros.

As ensinanzas superiores de deseño foron implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia no ano académico 2005-2006, como consecuencia da promulgación do Decreto 207/2005, do 14 de xullo, polo que se transforman as escolas de arte da comunidade autónoma en escolas de arte e superiores de deseño.

Así mesmo, co propósito de acadar un perfil profesional cualificado, o Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas, co precedente dunha ampla e antiga tradición artesá nas artes e nos oficios, pretende que a formación nas artes, na ciencia, na técnica e no uso das tecnoloxías garanta a permanencia e a flexible adecuación destes estudos ás necesidades e demandas sociais.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros públicos xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remata o ensino secundario obrigatorio e as diferentes modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ensinanzas artísticas diversificada e adaptada ás súas necesidade e ás demandas do mercado laboral.

En consecuencia, e de acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutu-

ra orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Actualizar a oferta educativa dos ciclos formativos de artes plásticas e deseño, por ciclo completo e oferta modular, e dos estudos superiores de deseño, a partir do curso 2009-2010, nos centros relacionados no anexo, que serán cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 65% para gastos de funcionamento e de profesorado.

Segundo.-A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor. Con esta finalidade abrirase un período de solicitude de matrícula que se establecerá nas resolucións anuais que regulen o acceso e admisión a estes estudos.

A condición da ratio mínima exigida debe poñerse en coñecemento do alumnado no momento da solicitude de matrícula.

Un número menor de alumnos exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para poñer en funcionamento estas ensinanzas; mentres non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar ningunha matrícula.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro
A Coruña	A Coruña	15005506	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso
Familia artística artes aplicadas á escultura		GM dourado e policromía artísticos	PM01002
		GS artes aplicadas da escultura	PS01001
Familia artística cerámica artística		Oferta modular	Taller cerámico I e II
Familia artística deseño gráfico		GS fotografía artística	PS06001
		GS ilustración	PS06003
Estudos superiores		Deseño de interiores	ES08001
		Deseño gráfico	ES06001

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro
A Coruña	Santiago de C.	15015834	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo
Familia artística artes aplicadas á escultura		GS artes aplicadas da escultura	PS01001
Familia artística deseño gráfico		GS fotografía artística	PS06001
Familia artística xoiaría artística		GS xoiaría artística	PS09002
		Oferta modular	Taller de xoiaría I e II
Familia artística deseño de interiores		GS arquitectura efémera	PS08002
Estudos superiores		Deseño de moda	ES02001
		Deseño de produtos	ES07001

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro
Lugo	Lugo	270006589	Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón
Familia artística artes aplicadas ao libro		CM serigrafía artística	PM03002
		GS gravado e técnicas de estampación	PS03003
Familia artística cerámica artística		GS cerámica artística	PS05001
Familia artística deseño gráfico		GS fotografía artística	PS06001
Estudos superiores		Deseño de interiores	ES08001
		Deseño gráfico	ES06001

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro
Ourense	Ourense	32016030	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Falde
Familia artística artes aplicadas á escultura		GM ebanistería artística	PM01003
Familia artística deseño gráfico		GS fotografía artística	PS06001
		GS ilustración	PS06003
Estudos superiores		Deseño de interiores	ES08001
		Deseño gráfico	ES06001